Principios fundamentais

humanidade

O Movemento Internacional da Cruz Vermella e da Media Lúa Vermella o que deu nacemento a preocupación de prestar auxilio, sen discriminación, a tódolos feridos nos campos de batalla, esfórzase, baixo o seu aspecto internacional e nacional, en previr e aliviar o sufrimento dos homes en tódalas circustancias. Tende a protexer a vida e a saúde, así como a facer respetar á persoa humana. Favorece a comprensión mutua, a amistade, a cooperación e unha paz duradeira entre tódolos pobos

imparcialidade

Non fai ningunha distinción de raza, relixión, condición social nin credo político. Adícase unicamente a socorrer ós individuos na proporción cos sufrimentos, remediando as súas necesidades e dando prioridade ás máis urxentes

neutralidade

Co fin de conservar a confianza de todos, o Movemento abstense de tomar parte nas hostilidades e , en todo tempo, nas controversias de orde política, racial relixiosa ou ideolóxica

independencia

O Movemento é independente. Auxiliar dos poderes públicos nas súas atividades humanitarias e sometidas ás leis que rexen os países respectivos, as Sociedades Nacionais deben, sen embargo, conservar unha autonomía que lles permita actuar sempre de acordo cos Principios do Movemento

carácter voluntario

É unha institución de socorro voluntario e de carácter desinteresado

unidade

En cada país so pode existir unha Sociedade Nacional da Cruz Vermella ou da Media Lúa Vermella, que debe ser accesible a todos e extender a súa acción humanitaria á totalidade do territorio

universalidade

O Movemento Internacional da Cruz Vermella e da Media Lúa Vermella no seu seo tódalas Sociedades Nacionais teñen os mesmos dereitos e o deber de axudarse mutuamente, é universal

Cruz Vermella
www.cruzroja.es